

CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, O CONCELLO DE NOIA, A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE XEÓLOGOS PARA A ANÁLISE DO RISCO DE SUBSIDENCIA NOS LABORES MINEIROS DA ANTIGA EXPLOTACIÓN COÑECIDA COMO MINA CARMEN NO BARRIO DA BARQUIÑA (NOIA)

Santiago de Compostela,

29 AGO. 2019

REUNIDOS

Don Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Santiago Freire Abeijón, Alcalde do Concello de Noia.

Doutra parte, don Juan de Dios Martín Aparicio, como presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en adiante COMG), entidade domiciliada na rúa de Juan Flórez, núm. 33-35, entrechán esquerdo, código postal 15004 A Coruña, segundo se desprende da acta da Xunta xeral extraordinaria para a elección de membros de xunta directiva, celebrada o día 21.10.2013 en Santiago de Compostela, e da acta da xunta directiva para nomeamento de cargos da Cámara celebrada o día 30.10.2013 na Coruña.

E doutra parte, don Manuel Regueiro y González Barros, presidente do Ilustre Colegio Oficial de Geólogos (en adiante ICOG), entidade domiciliada na rúa de Raquel Meller, núm. 7, código postal 28027 Madrid, nomeamento efectuado nas eleccións celebradas o 15.04.2016, en virtude do establecido no artigo 49 dos Estatutos do ICOG aprobados polo Real decreto 1378/2001 e o artigo 64 do Regulamento de réxime interior do ICOG, cuxa última modificación foi aprobada pola Asemblea xeral ordinaria celebrada o 08.04.2017.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de acordo ao establecido no Decreto 135/2017, de 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da consellería en materias de enerxía, minas, administración e seguridade industrial, solo industrial, metroloxía e metais preciosos.

SEGUNDO.- Que corresponde ao Concello de Noia, de conformidade co disposto na normativa de réxime local e na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, como competencias propias, todas as facultades que lle son atribuídas en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

TERCEIRO.- Que a COMG é unha corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración en materia de minaría, constituída segundo o Real decreto de 23 de setembro de 1921 polo que se crean as Cámaras Oficiais Mineiras. Que segundo o artigo 3 do citado Real decreto, a COMG ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, subministrar informes ás autoridades que o soliciten, entre outros.

CUARTO.- Que o ICOG foi creado pola Lei 73/1978, do 26 de decembro, como corporación de dereito público de ámbito nacional, e réxese polos Estatutos aprobados polo Real decreto 1378/2001, do 7 de decembro. Segundo o artigo 7.3 do citado Real decreto son funcións do ICOG realizar estudos, emitir informes e ditames, elaborar estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que sexan solicitadas polas Administracións públicas do Estado, das Comunidades Autónomas e dos entes locais.

QUINTO.- Que a comarca de Noia se atopa nunha zona mineral con presenza de estaño, volframio, tántalo e niobio cuxa explotación se constata xa desde o século XIX acadando unha maior intensidade nas décadas dos anos trinta e corenta, época na que se leva a cabo a explotación da Mina Carmen posteriormente pechada, declarándose a súa caducidade en 1963.

Tras o peche da explotación e como consecuencia da presión urbanística na zona fóronse localizando nela, ao longo dos anos, diversas construcións e edificacións, que, tendo en conta as súas características e a tipoloxía da súa cimentación, poderían resultar afectadas polos posibles efectos de subsidencia do terreo.

SEXTO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Noia, o Ilustre Colexio de Xeólogos e a Cámara Oficial Mineira de Galicia, promoven a realización deste convenio de colaboración co fin de identificar e localizar os antigos labores mineiros e analizar a súa estabilidade estrutural para determinar o risco de subsidencia e, no seu caso, a posible afección sobre a estabilidade das vivendas, instalacións e infraestruturas do barrio da Barquiña en Noia.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Noia, o Ilustre Colexio de Xeólogos e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para determinar o risco de subsidencia dos antigos labores mineiros da explotación coñecida como mina Carmen e, no seu caso, a posible afección sobre a estabilidade das vivendas, instalacións e infraestruturas do barrio da Barquiña, en Noia.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS E COMPROMISOS DAS PARTES

A colaboración concrétese na realización dunha serie de actuacións destinadas á consecución do obxecto do presente convenio:

- Identificación e localización dos antigos labores mineiros da explotación coñecida como Mina Carmen mediante o uso de métodos de prospección xeofísica e inspección in situ.
- Análise de estabilidade dos labores mineiros localizados, determinación do risco de subsidencia e da posible afección sobre as construcións e infraestruturas actuais do barrio da Barquiña mediante o uso das ferramentas e tecnoloxías específicas máis avanzadas.

As partes asinantes deste convenio asumen os compromisos que se indican a continuación:

1.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto co Concello de Noia, o ICOG e a COMG a coordinación dos traballos e estudos obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un/ha técnico/a, que será o interlocutor entre a Consellería e o resto das partes.
- Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio. En concreto achegarase a información dispoñible relativa aos labores mineiros desenvolvidos no barrio da Barquiña. Esta información só poderá ser empregada polas restantes partes asinantes deste convenio para a execución do dito convenio.
- Contribuír economicamente para a compensación dos gastos derivados da execución deste convenio de conformidade co establecidos nas estipulacións que seguen.

2.- O Concello de Noia asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, o ICOG e a COMG a coordinación dos traballos e estudos obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un/ha técnico/a, que será o interlocutor entre o Concello e o resto das partes.
- Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio. En concreto achegará información relativa aos labores mineiros así como ás construcións, infraestruturas e instalacións existentes no barrio da Barquiña. Esta información só poderá ser empregada polas partes no desenvolvemento deste convenio.
- Facilitar as licenzas e permisos necesarios para a execución das actuacións obxecto deste convenio.

A eventual execución de medidas, actuacións ou obras que, como consecuencia do estudo realizado, se estimen convenientes ou necesarias en relación coas posibles afeccións e riscos sobre as construcións e infraestruturas actuais do barrio da Barquiña, así como o seu financiamento, non forman parte do obxecto deste convenio e corresponderán, no seu caso, ao Concello de Noia.

3.- O ICOG asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello de Noia e a COMG, a coordinación dos traballos e estudos obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un/ha técnico/a, que será o interlocutor entre o Colexio e o resto das partes.
- Exercer xunto coa COMG a dirección técnica e supervisión dos traballos e estudos obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un/ha técnico/a.
- Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio. En concreto achegará a información xeolóxica da

zona. Esta información só poderá ser empregada polas partes no desenvolvemento deste convenio.

4.- A COMG asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello de Noia e o Ilustre Colexio de Xeólogos a coordinación dos traballos e estudos obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un/ha técnico/a, que será o interlocutor entre a Cámara e o resto das partes.
- Exercer xunto coa COMG a dirección técnica e supervisión dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/ha técnico/a.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio. En concreto achegarase a información relativas aos labores mineiros desenvolvidos no barrio da Barquiña. Esta información só poderá ser empregada polas partes no desenvolvemento deste convenio.
- Identificar e localizar os antigos labores mineiros da explotación coñecida como mina Carmen.
- Realizar a análise de estabilidade dos labores mineiros localizados e a determinación do risco de subsidencia e da posible afección sobre as construcións e infraestruturas do barrio da Barquiña.
- Con carácter previo á sinatura do presente convenio deberá quedar acreditado que a COMG se encontra ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, polo que deberá presentar as correspondentes certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo presentará unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Deberá comunicar á CEEI a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a sinatura do presente convenio.

A comunicación deberase efectuar con carácter previo á sinatura deste convenio, no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

TERCEIRA. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O custo das actividades previstas no convenio será sufragado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que compensará a COMG, ata un máximo de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.734A-781.1.

Estas cantidades faranse efectivas, logo da presentación por parte da COMG das facturas e documentación correspondente para a xustificación da execución do convenio, de conformidade co establecido na cláusula seguinte, e tras as actuacións de control e a tramitación que procedan.

O orzamento deste convenio detállase como segue:

ACTUACIÓN	IMPORTE (IVE incluído)
• Identificación e localización dos antigos labores mineiros.	24.000,00 €
• Análise de estabilidade dos labores mineiros localizados, determinación do risco de subsidencia e da afección sobre as construcións e infraestruturas.	6.000,00 €
Subtotal	30.000,00 €

CUARTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Tendo en conta as características das actuacións a desenvolver o libramento da achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria establecida na cláusula terceira farase efectivo logo da presentación por parte da COMG da documentación que acredite as actuacións previstas na cláusula segunda.

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 15 de decembro de 2019. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados dende a data da sinatura do convenio ata o 13 de decembro de 2019.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- B. Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa segundo o modelo recollido no anexo I do presente convenio que inclúa o seguinte:

- 1.- Memoria xustificativa da actuación subvencionada asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado.

Especificará co máximo detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución dos programas financiados que se imputen á subvención, conforme á desagregación orzamentaria establecida no Convenio.

Incluirase un informe sobre o impacto da axuda da cara á finalidade perseguida e dos indicadores considerados para o cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade

- 2.- Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas por cada un dos traballos obxecto do convenio que conterà:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. A relación de gastos figurará por orde cronolóxica para cada tipo de programa (ademais do formato papel entregarase formato dixital –folla de cálculo- de acordo aos modelos establecidos no anexo).
- Detalle coas desviacións acaecidas na execución do proxecto respecto do orzamento aprobado.

3.- Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da COMG. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas Normas de Actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como ás pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou canta información lle solicitou o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo incluírá resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

O informe deberá ser asinado por quen o realizase, con indicación da data de emisión.

- C. A COMG presentará xustificantes das axudas obtidas ou declaracións das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.
- D. A COMG presentará certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 60.4

do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- E. Deberá presentar copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa (incorporados na relación do punto B.2 deste convenio) e a documentación acreditativa do pagamento.
- F. Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e aportala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para as actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- G. Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- H. Declaración responsable do beneficiario das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados, declaración que incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do artigo 27 da Lei 9/2007.
- I. Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).
- J. Declaración responsable sobre a natureza, contía e criterios de repartición dos custes indirectos.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que a Cámara Oficial Mineira presentase a documentación solicitada, a Consellería de Economía, Emprego e Industria requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que conforme á Lei correspondan.

QUINTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o día 15.12.2019, salvo a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida, sen que en ningún caso poda exceder dos catro anos.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha Comisión de seguimento que estará formada por catro membros, un por cada un das entidades implicadas, actuando como presidente a persoa representante da Dirección Xeral de Enerxía e Minas. As funcións da Comisión serán as seguintes:

- a) Resolver diferenzas que puideran presentarse durante o desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- c) Propoñer ás entidades asinantes do convenio as addendas correspondente aos distintos aspectos de desenvolvemento das actuacións previstas que impliquen incremento do gasto inicialmente aprobado.
- d) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio.
- e) Liquidación do convenio se fose o caso.
- f) Calquera outra que permita o logro dos obxectivos propostos.

A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdiccionais competentes.

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

NOVENA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes
- b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio
- d) Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

UNDÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DUODÉCIMA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DECIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.


Calquera conflito que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio resolverase por mutuo acordo das partes no seno da Comisión de Seguimento e, no seu defecto, serán aplicables as disposicións da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.


En proba de conformidade asinan o presente convenio en cinco exemplares, no lugar e data ao comezo citado.



Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria


D. Francisco Conde López

Polo Concello de Noia


D. Santiago Freire Abeijón

Polo Ilustre Colegio Oficial de Geólogos


D. Manuel Regueiro y González Barros

Pola Cámara Oficial Mineira de Galicia


D. Juan de Dios Martín Aparicio

ANEXO I MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, O CONCELLO DE NOIA, A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEXIO DE XEÓLOGOS PARA O ANÁLISE DO RISCO DE SUBSIDENCIA NOS LABORES MINEIROS DA ANTIGA EXPLOTACIÓN COÑECIDA COMO MINA CARMEN NO BARRIO DA BARQUIÑA (NOIA)




D. _____, presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia con NIF _____, enderezo en _____ e beneficiaria do Convenio de Colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria por un importe de _____ €, declaro baixo a miña responsabilidade ter realizado un gasto por importe de _____ € e, en cumprimento do disposto no artigo 11.b) e 28 da Lei de Subvencións de Galicia, rindo ante dita Consellería a conta xustificativa do gasto realizado composto por unha Memoria de Actuación, que se acompaña, e unha Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña como os Cadros 1, 2 e 3 e o Informe de Auditor.

En

, a

de

de 2019





CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS

Nome do beneficiario:

NIF do beneficiario:

Nome do gasto:

Orzamento subvencionable

REF. (1)	Descrición do gasto (2)	Provedor	NIF. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
XX										
TOTAL PÁXINA										

NOTAS explicativas:

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Inclúirse unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
- (3) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Asina representante legal e selo entidade beneficiaria



Orzamento subvencionable

CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS

Nome do beneficiario:

NIF do beneficiario:

Nome do gasto:

REF. (1)	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data Final (3)	Nº. total de horas anuais segundo ou contrato (4)	Salario Bruto (5)	Custo SS a cargo da empresa	Salario + bruto + custo SS a cargo da empresa	Custo hora (6)	Nº. Horas imputadas ao programa	Custo total imputado ao programa (7)
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
XX												
TOTAL												

NOTAS explicativas:

(1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia

(2) Indicar ou posto de traballo da persoa

(3) Período de tempo dedicado polo persoal ao programa.

(4) Horas anuais do empregado segundo ou contrato de traballo.

(5) Total devengar (antes de ningunha dedución)

(6) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano

(7) Custo hora * Nº. horas imputadas ao programa

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria



CADRO 3: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS

Nome do beneficiario:

NIF do beneficiario:

Nome do gasto:

Orzamento subvencionable

REF. (1)	Descrición do gasto (2)	Provedor	NIF. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
TOTAL										

NOTAS explicativas:

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Inclúrase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
- (3) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria



ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

1.- PROCEDEMENTOS.

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitude da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

- a) Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido de dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas para o que deberá proceder á verificación de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros, que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

b) Revisión da Memoria económica abreviada.

1. Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.
2. Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificados e do seu pago e que devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.
3. Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.
4. Que os custos indirectos se imputaron polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Ao responder a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se





comprobará que o seu importe atópase desagregado adecuadamente na conta xustificativa.

5. Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.
6. Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se haxa comprometido a unha concreta distribución dos mesmos.
7. Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados. Dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo. De non estar permitida a subcontratación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará ao longo da súa revisión a concordancia da información contida nesta declaración, con obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

8. Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificados e a natureza das actividades subvencionadas.

c) Solicitud ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.

O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

d) Revisión do certificado de taxación de bens inmoables, no seu caso.

e) Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.

f) Carta de manifestacións. Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

g) Outros procedementos. O auditor deberá levar a cabo aqueles outros procedementos adicionais que se esixan nas bases reguladoras da subvención, na convocatoria ou na resolución de concesión.

Ademais comprobará:

- a) O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada.





- b) O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e de
selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración da
prorrata do IVE (modelo 390).
- c) No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de
contratación do Sector Público, o seu cumprimento.
- d) Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados
ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en
nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no
artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:
- A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de
Galicia.
 - Achegar á información económica da Memoria o conseguinte detalle de gastos e
investimentos nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a
actividade subvencionada, co mesmo desglose e formato que se lle esixe ao
beneficiario principal.

2.- ANALISE DOS GASTOS

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de
gastos e pagos.

Consideraranse, á hora de realizar a análise, os **conceptos (custos directos e custos
indirectos)**.

1. Aspectos a analizar:

a) En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:

- Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co
establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:
- Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo
o convenio de colaboración.
- Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas
orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na
relación de gastos. O estampillado incluírá a porcentaxe de financiación da Xunta de
Galicia.

b) En canto aos pagos:

- Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no
convenio.
- Non se admiten os pagamentos en efectivo.
- Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da
factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non
coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir





un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.

- No caso de axudas concorrentes, que non existe duplicidade de facturas entre ambas as axudas. O beneficiario facilítase ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

2. Tipos de custos subvencionables

a) Custos de bens e material inventariable.

- Que os bens e o material inventariable figuren no inventario, e, no seu caso, en rexistro público, a nome do beneficiario.
- A existencia dos devanditos bens, que deben estar correctamente etiquetados para facer publicidade da súa adquisición con cargo á axuda.

b) Custos de contratación laboral

- Que as persoas cuxo contrato se imputa estean contratadas polo beneficiario e vinculadas ou adscritas ao centro.
- Que a xornada laboral anual imputada estea referida á que reflicte o Convenio Laboral vixente ou á normativa do beneficiario. No caso de dedicación parcial, a imputación debe corresponderse coa dedicación á actuación.
- Que as datas de imputación deste gasto estean incluídas no período de execución da actuación. No caso de que a data de inicio do contrato sexa anterior ao devandito período, deberá quedar reflectido no mesmo o cambio de dedicación.
- Que as persoas estean incluídas no TC2 da Seguridade Social do beneficiario ou As nóminas, e a súa coincidencia das cantidades imputadas.
- Que a dedicación á actuación sexa demostrable (certificacións).

c) Viaxes e dietas

- Admitirán este tipo de gastos sempre que estea xustificado dentro da actuación e brevemente descrito polo beneficiario.
- No tocante aos gastos de viaxe (máximo dúas persoas) considerarase como gasto máximo por desprazamento, realizado a través de autobús, tren ou avión, o importe do billete. Os gastos máximos por aloxamento e manutención serán considerados nas contías establecidas para o persoal funcionario, no Anexo II, Grupo 2, do Decreto 144/2001, de 7 de xuño de indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia
- Estes gastos xustificaranse mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa:
 - Os gastos de aloxamento e manutención xustificaranse mediante o documento de liquidación de dietas, podendo utilizar o modelo que aparece no Anexo e debendo presentar a correspondente factura expedida polo establecemento hostaleiro ou pola axencia de viaxes. Non serán obxecto de subvención os gastos extraordinarios como os de teléfono, minibar, etc





- Os gastos de desprazamento xustificaranse mediante documento de liquidación de dietas e gastos, detallado igualmente no Anexo, acompañado en todo caso dos correspondentes billetes e factura da Axencia de Viaxes.
- No caso de que se utilizaron os servizos dunha axencia de viaxes, deberase presentar, ademais da factura da mesma (na que se especifique o número de persoas e días de estancia, así como os conceptos obxecto do gasto: transporte, aloxamento, etc.) as facturas individuais ou colectivas dos establecementos hostaleiros ou documento acreditativo da prestación do servizo, así como os títulos de transporte para o mesmo fin.
- Cando as facturas sexan colectivas, presentaranse a correspondente certificación da entidade na que conste o nome e relación coa entidade dos usuarios.

3.- CONTIDO DO INFORME

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/200 7, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso, e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.

Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente o auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.

